

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS DE BOS AIRES, ARXENTINA, PARA CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DOS CIDADÁNS GALEGOS RESIDENTES EN BOS AIRES.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2020

Con data 18 de maio de 2020, a Secretaría Xeral da Emigración asinou un convenio de colaboración co Hogar Gallego para Ancianos de Bos Aires, Arxentina.

Na cláusula primeira do mencionado convenio sinálase o seu obxecto, que é o de establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para contribuír á prestación de asistencia aos cidadáns galegos que residen no Hogar Gallego para Ancianos de Bos Aires, que por razóns de idade, estado físico e situación de carencia, residan no Hogar Gallego para Ancianos.

Na cláusula octava, obrigas das partes, o Hogar comprométese a manter as instalacións e o equipamento do Hogar, e dotalo de persoal especializado e do material consumible necesario para o seu correcto funcionamento e promover o benestar das persoas beneficiarias de orixe galego acollidas no Hogar, favorecendo a súa integración, participación e relación co medio social, prestándolles servizos de vivenda, alimentación, hixiene persoal, asistencia médica, enfermería, talleres recreativos, estimulación cognitiva, asistencia social, animación socio cultural, entre outros.

Na cláusula terceira do convenio establécese unha achega económica da Secretaría Xeral da Emigración por un importe global de vinte mil euros (20.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

O Hogar Gallego para Ancianos de Bos Aires é unha entidade benéfica sen ánimo de lucro fundada en 1943, que ten como finalidade proporcionar albergue digno ás persoas que pola súa idade ou condicións fisiolóxicas non poden facerlle fronte á vida, e agrupa actualmente a cerca de cincocentos socios, dos que máis de catrocentos son emigrantes galegos e descendentes. Conta cunha residencia de anciáns, sita en Domselar, que ten unha capacidade para cen residentes, na que actualmente máis da metade son persoas emigrantes ou descendentes procedentes de Galicia, brindándolle vivenda permanente e asistencia integral que inclúe a estancia, a alimentación, o control da saúde e a asistencia

social. A día de hoxe, esta institución está a desenvolver unha destacada e insubstituíble labor socio asistencial coa que trata de facer efectiva a mellora da calidade de vida dos anciáns pertencentes á colectividade galega emigrante.

Na actualidade a institución alberga a 40 anciáns galegos, cun promedio de idade de 85 anos. O progresivo avellentamento da colonia galega residente en Arxentina orixina, por unha banda, máis solicitudes de internamento de persoas con maior idade mes a mes e por outra, o maior custo na atención e nos medicamentos que se han de proporcionar. (Cabe sinalar que na actualidade, segundo os últimos datos do INE publicados, residen na República Arxentina máis de 164.500 cidadáns galegos).

Ademais a pandemia motivada pola Covid-19, do mesmo xeito que noutros países, obrigou ás autoridades sanitarias da República Arxentina a establecer protocolos especiais de actuación nas residencias de maiores, que implicaron a reordenación da distribución dos residentes, a creación dunha área de illamento, o uso de equipos especiais, medidas de hixiene, etc, cuxa implantación supuxo un gasto moi importante para a entidade que lle afecta á súa estabilidade económica.

As circunstancias indicadas, e sobre todo o custo das medidas implantadas con motivo da Covid-19, están a crear graves dificultades na financiación prevista na institución para o presente ano, polo que co fin de manter a atención das persoas acollidas é preciso incrementar o importe da achega da Secretaría Xeral da Emigración en 20.000,00 €.

E por outro lado co fin de dar cumprimento ao previsto no convenio, tendo en conta o contido desta addenda resulta igualmente necesario modificar os prazos de xustificación e de vixencia do convenio contemplados inicialmente.

Na súa virtude, ambas as dúas partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal para este acto,

ACORDAN

Cláusula Primeira: Incrementar a achega da Secretaría Xeral da Emigración prevista na Cláusula Terceira, que queda redactada do seguinte xeito:

“Para o financiamento das actuacións previstas, a Secretaría Xeral da Emigración achegará, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, a contía de **CORENTA MIL EUROS (40.000,00 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria

04.30.312C.481.0 Axudas a entidades no ámbito das migracións, para gastos de funcionamento da residencia de maiores”.

Cláusula Segunda: Modificar os prazos de xustificación e de vixencia contemplados na Cláusula Sexta parágrafo primeiro, que queda redactada do seguinte xeito:

“O prazo de xustificación deste convenio remata o 10 de decembro de 2020”.

e Cláusula Décimo quinta, que queda redactada do seguinte xeito:

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2020, agás que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento dos acordos que nel se recollen

E, en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan esta addenda, por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O SECRETARIO XERAL DA
EMIGRACIÓN

O PRESIDENTE DO HOGAR GALLEGO
PARA ANCIANOS DE BOS AIRES

Asdo.: Antonio Rodríguez Miranda

Asdo.: Bernardo Rey González